



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: sghn@sghn.org

1 / 2

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REXISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 15/03/2016 12:25:23

ENTRADA 6762 / RX 682657



Sr. Alcalde
Concello de Viana do Bolo
Ourense

ASUNTO: Licencia municipal para o proxecto de "Implantación de una planta de produción de combustible industrial mediante gasificación de carbón utilizando como enerxía a producida por radiación solar" nun monte comunal en Fornelos de Filloás, promovido por PARATERMO ENERGÍA, S.L.

D. Serafín J. González Prieto, en nome e representación da SGHN na súa cualidade de Presidente da asociación,

EXPÓN:

1. Que coa documentación sometida a información pública no trámite de Autorización Ambiental Integrada do proxecto de "Implantación de una planta de produción de combustible industrial mediante gasificación de carbón utilizando como enerxía a producida por radiación solar", promovido por PARATERMO ENERGÍA, S.L., SGHN tivo acceso ao informe do arquitecto asesor do Concello de Viana do Bolo.
2. Que o informe favorable do arquitecto asesor do Concello de Viana do Bolo (páx. 188-189 do documento sometido a información pública) baséase nunha interpretación moi *sui generis* da Lei 2/2010 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA):

"As obras para as que se solicita licenza poden incluírse dentro dos usos constructivos en solo rústico, artigo 33.2.k da LOUGA:

k) Construcións destinadas ás actividades extractivas, incluídas as explotacións mineiras, as canteiras e a extracción de áridos e terras, así como aos seus establecementos de beneficio e actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa coa natureza, extensión e destino do predio ou explotación do recurso natural"

Obviamente, o proxecto non se refire a unhas "construcións destinadas ás ... explotacións mineiras", polo que cabe deducir que o informe do arquitecto municipal, nunha interpretación moi cuestionable, as considera incluídas ou incluíbles entre as destinadas "aos seus establecementos de beneficio e actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario". Pero, ao respecto é imprescindible facer constar que:

- a. O promotor non emprega nin unha soa vez a expresión "establecemento de beneficio" en todo o documento.
- b. Para todos os supostos contemplados polo artigo 33.2.k da LOUGA invocado polo arquitecto do concello, incluídos polo tanto os establecementos de beneficio, o proxecto debería contar cos permisos preceptivos da administración autonómica e/ou estatal con competencias en minería, segundo establecen:
 - O artigo 112.1 da Lei 22/1973 de minas: "Para instalar un establecemento destinado a la preparación, concentración o beneficio de recursos, deberá obtenerse previamente autorización de la Dirección General de Minas, mediante instancia presentada en la Delegación Provincial del Ministerio de Industria, a la que se acompañarán el proyecto de instalación y el estudio básico que haya servido para su elaboración".
 - A Lei 3/2008 de ordenación da minería de Galicia: "A presente lei é de aplicación ás seguintes actividades: ... c) Á preparación para a entrega aos mercados dos minerais e recursos extraídos" (Artigo 2.1)



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA
<http://www.sghn.org> e-mail: sghn@sghn.org

2 / 2

"Son infraccións moi graves: a) A exploración, investigación e explotación de recursos mineiros ou a apertura de establecementos de beneficio sen a obtención da correspondente autorización, permiso ou concesión" (Artigo 59.a).

Polo tanto, a posible concesión dunha licencia municipal para o proxecto en base ao informe do arquitecto asesor do concello sen os permisos preceptivos da administración autonómica e/ou estatal con competencias en minería sería un fraude de lei e nula de pleno dereito.

O que lle comunico aos efectos legais oportunos.

En Santiago de Compostela a 14 de marzo de 2016

O Presidente da SGHN,

Serafín González Prieto